

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO  
CONCELLO O DÍA 30 DE MARZO DE 2006**

**CONCORRENTES**

**Presidente:**

Don Jesús Veiga Sabín (PP)

**Concelleiros**

Dona Eva María Vilariño González(CIM)

Don José Manuel Rodríguez Vidal(CIM)

Don Juan José Herva Mallo (PP)

Dona María Rosario Manso López (CIM)

Don Luis Purriños Pena(CIM)

Don José Paz Tenreiro (PP)

Don Manuel José Pérez Martínez (PP)

Don Antonio Medín Pena (PP)

Don Miguel Anxo Abreira Sobrado (BNG)

Don Antonio Cortizas Rodríguez (PSOE)

**Secretario:**

Don Francisco Mateos Sastre

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás vinte horas e corenta minutos do día trinta de marzo de dous mil seis, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, reúnese o Pleno deste Concello, en sesión pública extraordinaria.

Preside o primeiro tenente de alcalde don Jesús Veiga Sabín e asisten os seguintes concelleiros: don José Manuel Rodríguez Vidal; don Luis Purriños Pena; dona Eva María Vilariño González; dona María Rosario Manso López; don Juan José Herva Mallo; don José Paz Tenreiro; don Manuel José Pérez Martínez; don Antonio Medín Pena; don Miguel Anxo Abreira Sobrado e don Antonio Cortizas Rodríguez.

Dá fe do acto, o secretario titular don Francisco Mateos Sastre.

**1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-** Aberta a sesión pola Presidencia e non habendo observacións á acta da sesión anterior correspondente ao día 23 de marzo de 2006, queda aprobada por unanimidade.

**2.- PROXECTO DE REDE DE COLECTORES EN PERBES, BEMANTES, CASTRO E LEIRO E DE CAPTACIÓN DE PLUVIAIS EN MIÑO.-** O proxecto técnico da rede de colectores en Perbes, Bemantes, Castro e Leiro e rede de captación de pluviais en Miño que se está executando inclúe unha estación de bombeo de augas residuais á beira do río Xario, e para a súa instalación é necesario proceder á expropiación forzosa dos terreos precisos para iso.

De conformidade coa proposta na Comisión Informativa de Asuntos Xerais e en aras do principio seguridade xurídica; o Pleno do Concello acorda por unanimidade a declaración de utilidade pública e interese social das obras deste proxecto, aos efectos da expropiación forzosa dos bens e dereitos necesarios para a súa execución.

**3.- APROBACIÓN DEFINITIVA ESTUDO DE DETALLE.-** Vista a modificación do estudo de detalle promovido por Infante Prado C.B. en Perbes, aplicable a un predio de 1.974,92 m<sup>2</sup>, en solo urbano consolidado, ordenanza Z1-A do PXOM na estrada de Miño a Perbes, cruzamento co camiño de Gaivotas na parroquia de Perbes, redactado polo arquitecto don José Ramón Díaz Barbeito e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 21-10-2005.

Esta modificación foi aprobada inicialmente na sesión da Xunta de Goberno Local do 30-12-2005 e expúxose ao público, con inserción de anuncios no taboleiro de edictos, DOG do día 14-02-2006 e xornal La Voz de Galicia do día 09-02-2006, sen que durante o prazo de exposición se presentara escrito ningún de reclamación contra este.

De conformidade co que establece o art. 89.2 da Lei 9/02 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a proposta da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, o Pleno do Concello, co voto en contra do concelleiro do BNG Sr. Abreira Sobrado, a abstención dos concelleiros Sres. Cortizas Rodríguez e

Laya Carril e o acordo favorable dos nove membros restantes da Corporación que asisten á sesión, acorda:

1º.- Aprobar definitivamente o estudo de detalle modificado sinalado anteriormente.

2º.- En cumprimento do que establece o art. 92.3 da citada Lei 9/02, comuníquese esta aprobación á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, con traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado con todos os planos e documentos debidamente dilixenciados, e queda condicionada á firmeza deste acordo de aprobación definitiva e a entrada en vigor do estudo de detalle, ao cumprimento do sinalado, como establece o art. 92.4 da Lei 9/02.

Non habendo máis asuntos na orde do día, a Presidencia levanta a sesión ás vinte horas e cincuenta minutos redactándose a presente acta, do que eu, o secretario, dou fe.

O presidente,

O secretario,